

POR UN ENSINO CON ORGULLO...



A continuación veñen algunhas consideracións previas para un mellor desenvolvemento das actividades propostas, tiradas do “Proxecto de loita contra a homofobia no ámbito escolar. Guión para Charlas en Institutos” realizado pola Comisión de Educación do COGAM (colectivo integrado no FELGT)

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

- A actividade debería ser o máis interactiva posíbel. É importante formular constantemente cuestións ao alumnado, facerlles reflexionar e expresarse en voz alta.
- É recomendábel animarlles a que expresen as súas opinións sen medo. Non é posíbel iniciar unha conversación, coñecer e desmontar prexuízos se non se fala antes deles.
- En todo caso, non se trata de adoutrinar a ninguén; podemos e debemos mostrar o noso punto de vista, pero non se trata de dogmatizar sobre ningún tema. Si debemos informar sobre cuestións que a clase poida non coñecer ou sobre as que poida estar desinformada.
- É importante mostrarse tranquilo ante as opinións homófobas, e sempre é preferíbel deixar que os alumnos debatan entre si. Podemos expresar o noso propio punto de vista máis tarde, sempre deixando claro que non se trata de sentar cátedra senón simplemente diso, doutra opinión.
- É importante, dentro das posibilidades de tempo e sen resultar excesivamente reiterativo, falar sempre de gays, lesbianas e bisexuais (Tamén transexuais cando sexa aplicábel, como no tema da discriminación).
- Da mesma maneira, deberíase procurar equilibrar o número de exemplos masculinos e femininos, isto é, falar tanto de homes como de mulleres homosexuais.
- Tentar sempre, dentro do posíbel, guiar a clase de forma positiva, evitando as confrontacións directas (“Estás equivocado”).
- Dentro do posíbel, é importante estar atenta ao nivel da clase e dese xeito poder tratar en maior profundidade temas xa sabidos ou precisamente facer máis fincapé naqueles nos que o alumnado esté máis verde. Cada clase é diferente, e cada actividade tamén.
- Sempre que se preste, debemos tentar ofrecer un modelo de sexo ou prácticas sexuais seguras.

UNIDADE 1

LÉ A SEGUINTE CARTA SOBRE A “SAÍDA DO ARMARIO” DUN ADOLESCENTE HOMOSEXUAL E REFLEXIONA SOBRE AS CUESTIÓNS QUE SE PLANTEXAN AO FINAL.

Tirada da páxina de XEGA : Xente Gai Astur
<http://www.xega.org/temporal/>



Pois ben, era e son gay e comecei a buscar xente coma min por Internet onde coñecín a xente, e aprendín a saber escoller a que persoas dar o meu messenger e a quen borrar porque esa xente non me serviu nada máis que para probar o sexo. Só nun foro dunha serie gay moi coñecida de Internet é onde encontrei xente que me apoiou de verdade.

Pero un día decidín romper as miñas ataduras e “saír do armario” primeiro cos amigos, logo cos compañeiros de clase, e entón con toda a xente do msn; danche gañas de llo contar a todo o mundo, agás á túa familia. Así estiven un par de meses, ocultándollo mentres todo o mundo sabía as miñas preferencias sexuais e ao final decidín, u nha noite, así de pronto contarllo á miña nai, que reaccionou como se non quixese “comerse o marrón” soa polo que llo contou ao meu pai. Eles, de forma semi-dialogada (tentado imporse) pretendíanme facer razoar que escollín un mal camiño e que debería cambiar, entón me “atacaron” con argumentos como: “mira como está a túa nai ou mira como estará se non cambias” e ver por primeira vez ao meu pai chorar a mares, pero isto tivo unha vantaxe, por fin tiveron un debate razoado co meu pai, sen que el rematase con : “porque non” ou “porque o digo eu”.

Pero todo isto de que teño que cambiar, é por a miña felicidade segundo o meu pai, e polo que dirán segundo a miña nai, iso se, sen mo dicir directamente. Por iso cheguei a pensar que á miña nai lle importa máis o que dirán que o que eu sexa feliz dunha forma ou doutra. Por este asunto chegaron á idea de que necesito ir a un psicólogo. Nesa fase estamos agora aínda que de momento aínda non iniciamos ningunha sesión de terapia.

Hai pouco tempo que llo dixen, aínda non o aceptan, e o meu pai este todo o día preguntando con quen falo polo msn, e se non é de clase ou do traballo se

preocupan. Ata o extremo de que cando lle digo á miña nai que vou ao ximnasio, non se fía e me di que non a minta; o meu pai pensa que se fan cousas no ximnasio e a miña nai repíteme unha e outra vez que saia con xente “boa”, ou sexa heterosexuais. Todo isto faime estar moi incomodo e reconsiderarme se fixen ben en llo dicir, eu me esperaba máis liberdade e encóntrome o contrario.

Penso que ninguén debería meterse nas decisións dunha persoa con suficiente madurez como para saber que camiño de estudos escoller (bacharelato, módulos de FP, etc ...) e menos uns pais que buscan máis que o seu fillo sexa aceptado, que non lles critiquen a eles polo lombo, iso é o que penso, pero claro, se afondamos as críticas destrutivas polo lombo sempre existen e existirán porque somos así. O ser humano é avaricioso e envexoso de natureza, ou contaxiado polos medios. Iso si que é un contaxio e non a homosexualidade, pero claro, como esta tan “popularizado” non se tenta remediar o que ten remedio pero si o que non o ten, van intento humano por rizar o rizo.

Sinceramente, se eu saio como noivos cun rapaz en vez dunha rapaza, creo que os meus pais deberían alegrarse por min, de que encuentre alguén a quen querer na vida porque o que importa é a familia e os que che queren, non os demais (cousa que me dixo moitas veces a miña nai e agora se contradi) eu penso.... se tes amigos, rapaces e rapazas, un noivo é un amigo máis, pero é máis que un amigo porque é o teu mellor amigo; é a persoa coa que mellor che sentes e na que che apoias; que mais dá que sexa home ou muller, e a proba do maior afecto que se poida ter a alguén, é un bico, que mais dá nas meixelas, na boca, no colo. É un símbolo de amizade, e darse a man (moi usual entre tíos) é mais ben como símbolo de “ola que tal” nunha reunión de traballo, xa non existen as apertas por desgraza.

E todo isto, ao final, o querer axudarme por parte dos meus pais e tentar cambiarme fai que me tenten sacar da felicidade onde estou (porque se non fose feliz como son nunca lles tería dito nada) e levarme a un mundo onde queren que me oculte entre a sociedade con gustos contrarios aos meus, e o que conseguiron, é acentuar a depresión que teño desde os 14 anos (cando me dei conta das miñas preferencias) por como me tratará o mundo, e o último que necesito é que os meus propios pais, os que deberían ser as persoas nas que mais confío, me fagan sentirme peor. Tentan cambiarme, confúndenme. Eu sei o que son e que é case imposíbel o cambio. Por poder, hipnotízanche e gústanche as mulleres, pero paréceme un pouco chorrada, e ao tentarme cambiar, deprímenme aínda mais; fanme non ter a ninguén con quen falar, cando as miñas mellores amigas, ou amigos, porque só teño 2 de verdade, e un veciño cos que saio, pero nada mais, e esas amigas están de bromas sempre sobre a miña homosexualidade, con comentario como: “joer! Non sabes iso... será porque es gay” e así, que a min me fan graza pero por outra parte fan que non poida apoiarme nelas. Unha cousa boa foi que aínda que non o saiba moita xente no instituto, na miña clase e demais ninguén me di nada, me tratan como sempre e son consciente de ser afortunado diso, dado que moitos na miña situación o pasan moi duro por bulling, non sei realmente se é bo ou non saír do armario nese caso. Sobre este tema, eu arrepentinme de llo dicir aos meus pais, por como se portan, pero o feito... feito está e a continuar con isto como mellor se poida. No meu caso, teño semi-depresión, estou en 2º de Bach coa PAU á volta da esquina. Todo isto me estresa demasiado e fai

que non renda ben. Polo menos gustárame que os pais aínda que non estean de acordo ou non acepten a homosexualidade, deixen o tema para despois dos estudos.

Soamente dicir que o paso que se dá ao contalo aos pais fai ás veces estar moito mellor e liberado e outras como a miña, na que empeoras dunha situación estábel, non se ata que punto está ben saír do armario, pero algo esta seguro, hai que facelo e canto antes o fagas, antes pasará o chaparrón e antes serás feliz cos teus sentimentos.

Por mágoa isto só escoitarano poucas persoas pero espero que aínda que poucas, sirva para que un fillo non pase pola miña situación, porque se aprende dos erros.

SAÚDOS

REFLEXIONA E CONTESTA

1. **Comenta a reacción dos pais deste rapaz logo de saberen que o seu fillo é gay. Pensas que era esperable? Que temores semellan ter os pais?**
2. **Paréceche razoable a “decepción” do fillo polo xeito de reaccionaren?**
3. **Cal sería actitude dos pais que máis ben lle faría ao rapaz?**
4. **Por que pensas que para o rapaz é importante a reacción dos pais? Pensas que é igual de importante que a reacción das súas amizades, máis, menos..?**
5. **Que cambios sociais serían precisos para que aos pais lles fose máis doado aceptalo? Paréceche que aínda queda moito por facer ou que xa son poucos os pais que reaccionarían deste xeito?**
6. **Como reaccionarían os teus pais se lles dixeras que es gay ou lesbiana?**
7. **Como reaccionarías ti se a túa mellor amiga ou o teu mellor amigo che dixeran o mesmo? Cres que cambiaría a vosa relación?**

UNIDADE 2

QUE SABEMOS DA HISTORIA LGTB?

Copia para nais, pais, profesorado e profesionais da educación no tempo libre e xente curiosa en xeral.

Tomado de: Platero, Raquel / Gómez, Emilio (2007). Herramientas para combatir el Bullying Homofóbico. Madrid: Talasa.

OBXECTIVOS:

- Ter unha visión de conxunto dos dereitos de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.
- Obter feedback sobre o coñecemento obtido a través das unidades dúas, cinco e seis, que abordan a historia da sexualidade, a creación do concepto “homosexual” e o xurdir das primeiras reivindicacións até a época actual.

MATERIAIS: Copia do cuestionario para cada persoa e acceso a Internet e/ou recursos históricos.

TEMPO: polo menos, unha hora.

DESENVOLVEMENTO: proponse o cuestionario a modo de ferramenta para o traballo de equipo, onde cada equipo ten que confrontar os seus coñecementos previos e ademais utilizar recursos históricos e bibliografía que lles permita obter os datos que se preguntan.

PREGUNTAS PARA O DEBATE:

- Cales son os cambios máis significativos que se observan ao longo do tempo?
- Que información chamou máis a túa atención? Por qué?
- Que aprendizaches con este percorrido histórico?
- Que retos agarda o futuro próximo?

Valoración: non é tan importante que non saiban as respostas como facilitar o contexto para preguntarse e debater sobre os contidos que se abordan, onde

se subliñará a visión en conxunto da construción da sexualidade ao longo do tempo.

Que sabes da historia lgtb?

Copia para rapazas e rapaces, mocidade, adultas/os e participantes
Tomado de: Platero, Raquel / Gómez, Emilio (2007): **Herramientas para combatir el Bullying Homofóbico** (Madrid: Talasa).

1. En que ano se acuñou o termo “homosexual”, cando xorde?

- a. 1869 dC
- b. 1975 dC
- c. 75 aC
- d. 1492 dC
- e. 1936 dC

2. Cales das seguintes civilizacións foron gobernadas por emperadores ou emperatrices abertamente gays ou lesbianas?

- a. China
- b. Roma
- c. Europa
- d. Grecia
- e. Todas elas

3. Verdadeiro ou falso: Xesús condenou explicitamente a homosexualidade na Biblia.

4. En que país xurdiu o primeiro movemento polos dereitos gay?

- a. Inglaterra
- b. Francia
- c. España
- d. Alemaña
- e. Estados Unidos

5. Verdadeiro ou falso: unha vez que se liberaron os campos de concentración nazi, as persoas superviventes gays foron encarceradas novamente polos funcionarios/as alemáns, tras seren liberadas ao final da II Guerra Mundial polas tropas aliadas.

6. Os/as presos/as gays nos campos de concentración eran marcados con:

- a. A estrela de David
- b. Un triángulo rosa
- c. Un triángulo amarelo
- d. Un triángulo verde
- e. Un triángulo negro

7. Verdadeiro ou falso: os/as gays e transexuais que estaban encarcerados/as durante a ditadura franquista non foron liberados/as coas amnistías de presos políticos.

8. A chamada " Lei de Villar-Palasi" sobre educación de 1970 dicía que:

- a. As persoas homosexuais non podían exercer como profesorado na educación infantil e primaria.
- b. As persoas homosexuais podían exercer como profesorado en todos os ámbitos educativos.
- c. A homosexualidade era una opción sexual máis.
- d. Caso de a homosexualidade ser escandalosa ou visíbel, permitíase ser mestre/a ou profesor/a.

9. Durante o réxime franquista, as persoas homosexuais eran sinaladas socialmente e castigadas polo Estado con medidas de:

- a. Reclusión nun centro de reforma en Huelva, onde se lles practicaban electroshocks.
- b. Detención, alén de lles poñer unha multa simbólica.
- c. No eran ben vistas mais non eran detidas e estaban libres como calquera outra persoa.
- d. Eran valoradas como artistas.

10. A Lei de Perigosidade e Rehabilitación Social declara 'perigosos sociais' as persoas que cometan 'actos de homosexualidade', así como define esta como un 'defecto físico ou enfermidade'; sabes en que ano se aproba esta lei en España?

- a. 1910.
- b. 1936.
- c. 1970.
- d. 1975.
- e. 2006

11. En que países é legal o matrimonio entre persoas do mesmo sexo:

- a. España
- b. Bélxica
- c. Sudáfrica
- d. Holanda
- e. Canadá

12. Hoxe en día, manter relacións homosexuais ou lésbicas, defender os dereitos das persoas homosexuais, lesbianas, transexuais, bisexuais pode constituír un delito castigado pola lei; en cales destes países continúa a ocorrer este feito?

- a. Italia.
- b. Arabia Saudí.
- c. Exipto.
- d. España
- e. Estados Unidos.

13. Verdadeiro ou falso: O primeiro rexistro de parellas homosexuais non ten lugar en España até o ano 1994. Saberías dicir onde e quen o impulsou?

14. Verdadeiro ou falso: A recentemente aprobada 'lei de identidade de xénero' (Lei3/2007) permite ás persoas transexuais cambiaren o seu nome e sexo no DNI sen recorreren obrigatoriamente á cirurxía.

Solucións a "¿ Que sabes da historia lgtb "?

1 a, 2 a e b, 3 falso, 4 d, 5 verdadeiro, 6 b, 7 verdadeiro, 8 a, 9 a, 10 c, 11 abcde, 12 bc, 13 verdadeiro, 14 verdadeiro

UNIDADE 3

Cuestionario Heterosexual

1. ¿Cal cres que é a causa da túa heterosexualidade?
2. ¿Cando e como te decataches de que es heterosexual?
3. ¿É posíbel que a túa heterosexualidade sexa unha fase pasaxeira?
4. ¿É posíbel que sintas un medo neurótico cara ás persoas do teu mesmo sexo que cause a túa heterosexualidade?
5. Se nunca te deitaches cunha persoa do teu mesmo sexo, ¿é posíbel que todo o que necesites sexa un amante do teu mesmo sexo?
6. ¿Por que insistes en mostrar a túa heterosexualidade en público en lugar de ocultalo?
7. ¿Desexarías que as túas fillas e fillos sexan heterosexuais, a pesar dos problemas aos que se teñen que enfrontar?
8. A maioría das persoas que abusan das nenas e nenos son heterosexuais, ¿é adecuado que as crianzas estean en contacto con persoas heterosexuais?
9. ¿Pode ser unha persoa completa se limita a súa vida a unha heterosexualidade compulsiva, exclusiva e non desenvolve a súa homosexualidade potencial?
10. ¿Por que insistes en atribuír á xente famosa unha pretendida heterosexualidade para xustificar a túa propia heterosexualidade?



Tomado de: Platero, Raquel / Gómez, Emilio (2007). *Herramientas para combatir el Bullying Homofóbico*. Madrid: Talasa

Este cuestionario serve para reflexionar sobre como se poden sentir moitas persoas homosexuais cando teñen que afrontar os prexuízos que hai na nosa sociedade respecto á homosexualidade. Relaciona cada pregunta cun prexuízo que teñas escoitado. Reflexiona sobre se a resposta que darías para xustificar a túa heterosexualidade tamén che resultaría acida para xustificar a túa homosexualidade. A que cres que se debe que haxa xente que debe xustificar a súa opción sexual e outra non?

UNIDADE 4

Desterrando mitos

Tomado da guía ***Ni ogros ni princesas, Guía para la Educación Afectivo-Sexual en la ESO***, elaborada por profesorado do IES Padre Feijóo de Xixón.

OBXECTIVOS

- Fomentar a empatía para persoas de distinta orientación sexual.

INDICACIÓNS PARA O PROFESORADO

Por desgraza o desprezo e a violencia, no peor dos casos, ou a invisibilidade no menos malo, son dúas actitudes bastante frecuentes de se enfrontar ás orientacións sexuais minoritarias na nosa sociedade. Isto segue máis ou menos presente nos centros de ensino e cremos que a forma de o abordar é tentando que o alumnado se poña na pel das súas vítimas. Despois tentaremos desfacer falsas crenzas e desterrar o descoñecemento que sobre a orientación sexual existe.

RECURSOS


- Ficha 1. (anexa)

FONTE

O testemuño está sacado do libro de LÓPEZ SÁNCHEZ, Félix (2006): *Homosexualidade e familia: o que os pais, nais, homosexuais e profesionais deben saber e facer*, Graó, Barcelona.

DESENVOLVEMENTO

1. Repártese unha fotocopia do testemuño entre todo o alumnado e lese en voz alta. Para prestar máis atención pódese cambiar de lector ou lectora en cada parágrafo.
2. Ponte no lugar da persoa que nos contou a súa historia e responde ás seguintes cuestións:
 - ¿Como cres que se puido sentir durante o tempo en que estaba no instituto e lle atraía o seu compañeiro e amigo?
3. ¿Que tipo de relación che parece que lle foi máis difícil de soportar?:
 - Non poder dicirlllo aos seus amigos.
 - Non poder manter unha relación afectiva coa persoa da que se sente namorado.
 - O non poder contarlllo á súa familia.
 - O descoñecer que é o que realmente está a pasar e nunca ter coñecido a ninguén homosexual e non ter oído falar do tema.
4. “Aos dezaseis anos deixei os estudos e comecei a traballar aquí e alá, dando tombos dun lado para outro”. ¿Paréceche moi esaxerado que esta situación afecte tanto á vida dunha persoa: a relación cos amigos, a familia, o rendemento escolar, os trastornos de personalidade e ata as ideas de suicidio? ¿Como cres que se podería levar mellor?
5. Se un amigo ou unha amiga con quen tes moita confianza che conta que sente atracción por unha persoa do seu mesmo sexo, ¿cal sería a túa reacción?
 - Diríalle que vaia ao médico ou ao psicólogo.
 - Deixaría de ser o seu amigo ou amiga por se acaso é contaxioso.
 - Deixaría de ser o seu amigo ou amiga por se acaso a xente pensa que tamén eu o son.
 - Diríalle que a min non me importa e que por suposto seguiría sendo o seu amigo ou amiga.
 - Choraría do desgusto.
 - Sentiríao como unha traizón por todo este tempo sen eu saber nada.
 - A partir dese momento veríalle como unha persoa diferente, descoñecida para min.



FICHA 1

TESTEMUÑO

“Os problemas comezaron para min a partir dos 13 anos cando me namorei tolamente de Juan, un dos meus amigos. Só quería estar con el e el me puña negro, porque tonteaba coas rapazas; era moi guapo e as rapazas facíanlle moito caso.

Pero o peor era que eu non sabía moi ben o que me estaba a pasar, me sentía moi raro e asustado, Eu oíra falar da homosexualidade, pero en realidade non sabía nada e encima non coñecera nunca a ninguén homosexual: ¿erao eu? ¿Ou simplemente me gustaba Juan?

Todo o mundo comezou a verme raro.Ese curso foi terríbel para min: confuso, raro, obsesionado con Juan, preocupado, ansioso. Ao final comecei a suspender e os meus pais leváronme a clases particulares. Rematei aprobando todo, pero con notas moi baixas.

Finalmente, os meus compañeiros déronse conta de que me pasaba algo e que facía cousas raras en relación con Juan. Este tamén se mosqueó.Un compañeiro dixome un día que parecía “un maricón” e que perseguía a Juan. Foi terríbel, non sabía onde meterme.Estiven unha semana sen ir ao colexio, leváronme a un psiquiatra que me deu ansiolíticos, porque eu só lle dixen que estaba moi nervioso.

Cando comezou o seguinte curso, resulta que Juan xa tiña unha amiga ou noiva, e iso si que foi imposible para min. Pensei ata no suicidio.

Non podía dicir nada na casa, a pesar de que comecei a pensar en firme que era homosexual.Busquei e lín cousas, que me axudaron en parte, aínda que me enchín de medo ao confirmar que seguramente sería homosexual toda a vida.Tiña medo de que se me notase, que os amigos ou os meus pais sospeitáseno, que fose verdade para sempre.Non o aceptei ata moito despois, en realidade ata que tiven unha parella

que me axudou moito. Ben, eu tamén a el.

A relación cos meus pais foise estragando. Claro, o máis importante para min, non llo podía dicir. Falaron co psicólogo do instituto, leváronme a verlle, pero eu non me atrevín a dicirlle nada.

AOS dezaseis anos deixei os estudos e comecei a traballar aquí e alá, dando tombos dun lado para outro. Cada vez tiña máis problemas para ter amigos e funme quedando moi só.Cando puiden me fun a Barcelona, con 18 anos, busquei traballo e comecei a facer unha vida en paralelo, sobre toda fronte á miña familia, que non sabía nada de como vivía. Fixen unha vida paralela ata fai un ano, cando con 28 anos llo dixen primeiro á miña irmá e entón á miña familia. A miña irmá reaccionou moi ben e axudoume para que os nosos pais o aceptasen. A miña nai chorou moito, pero nunca me rexeitou.O meu pai foi outra cousa, reaccionou moi mal, chegou a dicir que non quería saber nada de min, que era a súa vergoña, pero pouco a pouco foi soportando os feitos e agora parece que comeza a aceptalo tamén”. (M. 29 anos).

UNIDADE 5

DESTERRANDO MITOS

Tomado da guía *Ni ogros ni princesas, Guía para la Educación Afectivo-Sexual en la ESO*, elaborada por profesorado do IES Padre Feijóo de Xixón

OBXECTIVOS

Desterrar mitos e falsas crezas sobre a homosexualidade en mulleres e varóns.

INDICACIÓNS PARA O PROFESORADO


Todas as afirmacións que se propoñen nesta sesión son falsas e son reflexo dos prexuízos máis comúns sobre a homosexualidade. Poderíanse formular dunha maneira positiva pero consideramos que así se poñen sobre a mesa as crezas máis tóxicas.

DESENVOLVEMENTO

1. Comezamos formando grupos de catro ou cinco estudantes e cada grupo debe escoller un portavoz. Repártenselles as follas da ficha 1 coas afirmacións sobre a homosexualidade e pídeselles que comenten e anoten as reflexións en torno a cada unha delas explicando se están de acordo ou en desacordo e por que.
2. Realízase unha rolda de intervencións sobre cada unha das afirmacións. O profesorado realizará as aclaracións que crea oportunas. Na ficha 2 ofrécense argumentos que poden ser útiles.
3. Se ao acabar de comentar todas as frases sobrase tempo, poderíase abrir un debate sobre en que medida o recoñecemento dos dereitos das persoas homosexuais que outorgan as leis favorecerá a aceptación social.

VERDADEIRO OU FALSO

1. A homosexualidade é un vicio.
2. Sábese que unha muller é lesbiana porque son “marimachos”.
3. Todos os gays son Afeminados.
4. O feito de ter unha relación sexual ou fantasías cunha persoa do teu mesmo sexo significa que es gay ou lesbiana.
5. Un gay/lesbiana sempre desexa sexualmente aos seus amigos do mesmo sexo.
6. Todos os gays e todas as lesbianas son persoas promiscuas.
7. Algunhas persoas fanse homosexuais porque teñen dificultades para establecer relacións con persoas do outro sexo.
8. A persoa homosexual desexa cambiar de sexo.
9. A homosexualidade é unha enfermidade e pódese curar someténdose a tratamento médico ou psicolóxico.
10. Antes había menos gays e lesbianas que agora.
11. Se aceptamos aos gays e as lesbianas, haberá máis que agora.
12. Unha persoa que queira deixar de ser homosexual pode facelo se realmente quere.



FICHA 2

1.- A homosexualidade é un vicio.

Ao falar de homosexualidade faise referencia ás prácticas sexuais entre persoas do mesmo sexo. Este tipo de prácticas está testemuñado desde os inicios da Historia. Polo tanto trátase dun fenómeno natural, documentado no xénero humano e tamén en diversas especies animais. Ao longo da Historia existiron culturas que abordan con naturalidade o fenómeno da homosexualidade e outras que o condenan a partir de determinados argumentos. Esta última actitude propagou diversas ideas, entre outras, que se trata dun vicio.

2.- Sábese que unha muller é lesbiana porque son “marimachos”.

O aspecto físico non é un elemento que nos permita determinar se unha persoa é ho mosexual. Normalmente existe a idea de que os gays son afeminados e as lesbianas uns marimachos. Pero iso non sempre é así. Hai gays con aspecto moi masculino e lesbianas femininas, do mesmo modo que hai heterosexuais que polos seus modais, timbre de voz ou outros trazos poderían parecer gays.

3.- Todos os gays son efeminados.

O mesmo que o anterior.

4.- O feito de ter unha relación sexual ou fantasías cunha persoa do teu mesmo sexo significa que es gay ou lesbiana.

Ter dúbidas ou fantasías con persoas do mesmo sexo é algo que lles ocorre a moitas persoas. Iso non significa que automaticamente deban considerarse gays ou lesbianas. Se estas fantasías xeran dúbidas, o mellor é aceptalo con naturalidade. A orientación sexual irase definindo por si mesma. O medo só serve para xerar angustia e auto-rexeitamento. En calquera caso calquera orientación sexual é igualmente válida e respectábel.

5.- Un gay ou unha lesbiana sempre desexa sexualmente aos seus amigos do mesmo sexo.

Non é certo que todos os gays ou todas as lesbianas aspiren a manter relacións sexuais coas súas amizades. Aínda que pode darse a circunstancia de que un gay ou unha lesbiana sinta atracción sexual por algún amigo ou amiga, non é o habitual, do mesmo modo que nunha cuadrilla de rapaces e rapazas hai quen senten algunha atracción sexual e noutros moitos casos simplemente é amizade.

6.- Todos os gays ou lesbianas son persoas promiscuas.

Igual que entre as persoas heterosexuais, entre os gays e as lesbianas hai quen son totalmente fieis á súa parella, do mesmo modo que existen quen cren que manter numerosas relacións sexuais non é algo condenábel.

7. Algunhas persoas fanse homosexuais porque teñen dificultades para establecer relacións con persoas do outro sexo.

Entre as persoas existen todo tipo de caracteres, nalgunhas predomina a timidez á hora de se relacionar con outra xente mentres que noutros casos a extroversión e a simpatía facilita esa Comunicación. Este feito non garda

ningunha relación coa orientación sexual. Se alguén se caracteriza polo seu timidez, será igual de tímido como gay, como lesbiana ou como heterosexual.

8.- A persoa homosexual desexa cambiar de sexo.

A homosexualidade é a atracción que se sente por persoas do mesmo sexo. Un caso diferente é a transexualidade, que ocorre cando nunha persoa non coinciden o sexo físico e o xénero co que se identifica. Hai homes que se senten mulleres, son transexuais femininas e mulleres que se senten homes, transexuais masculinos. Moitas destas persoas desexan cambiar de sexo mediante unha operación coñecida como cirurxía de reasignación de sexo (CRS). Aínda así, hai tamén persoas transexuais que non chegan a someterse a dita operación.

9.- A homosexualidade é unha enfermidade e pódese curar someténdose a tratamento médico ou psicolóxico.

Houbo épocas nas que se cría que a homosexualidade era unha enfermidade. Porén, desde fai moito tempo tanto médicos como psiquiatras rexeitan esta idea. Organismos oficiais como a Organización Mundial da Saúde (OMS) ou a Asociación de Psiquiatría Americana (APA) decidiron eliminar a homosexualidade e o lesbianismo do listado de enfermidades.

10.- Antes había menos gays e lesbianas que agora.

Iso é algo que nunca se saberá. Antes, debido á represión existente, moitos gays e moitas lesbianas non se atrevían a manifestar publicamente a súa orientación sexual ou os seus afectos. O desenvolvemento do movemento social LGTB (lesbianos, gays, transexuais e bisexuais) permitiu iniciar un proceso de normalización en numerosas partes do mundo co que se logrou un aumento da visibilidade destas persoas.

11.- Se aceptamos aos gays e as lesbianas haberá máis que agora.

Aínda que non se coñece o número exacto de gays, de lesbianas ou de persoas transexuais, se acostuma dar por válida a idea dun número que oscila entre o 7% e o 10% da poboación. A orientación sexual é un fenómeno normal que lle ocorre a todas as persoas e non garda ningunha relación coas modas ou os caprichos.

12.- Unha persoa que queira deixar de ser homosexual pode facelo se realmente quere.

Hai persoas que debido ao rexeitamento social que existe coa homosexualidade ódianse a si mesmas e desexarían cambiar a súa orientación sexual. Algúns médicos e psiquiatras din que se pode cambiar a orientación sexual. Porén non está demostrado que poida ser así. Existen numerosos testemuños de quen o tentaron e finalmente recoñeceron que só serviu para incrementar o seu sufrimento. O día que se admita con naturalidade calquera orientación sexual deixará de ter sentido que haxa persoas que aspiren a cambiar a súa. Será un fenómeno tan natural como ter o pelo loiro ou os ollos de calquera cor: unha característica máis de cada individuo.

